

BASES DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA DOBRE LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL ADSCRITO A OBRAS E A PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN LABORAL (PEL -CONCELLOS)

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a creación de dúas listaxes de contratación laboral temporal:

- LISTAXE 1: Programa de subvención PEL- CONCELLOS Deputación Provincial da Coruña
- LISTAXE 2: Substitucións de persoal municipal e outras circunstancias segundo o previsto na legislación laboral vixente no momento da contratación

Os postos para os que se vai realizar o proceso son os seguintes:

- condutor-a
- oficial albanel
- peón/peoa albanelería
- peón/peoa aglomerado

Co resultado deste proceso configuraranse as anteditas listaxes.

Esta dobre listaxe, logo do proceso selectivo, terá unha duración máxima de dous anos, prorrogable por dous anos máis ata o máximo de catro anos, e sen prexuízo de que os aspirantes que sexan seleccionados dentro do Programa de subvención PEL- CONCELLOS Deputación Provincial da Coruña teñen que acreditar o cumprimento de todos os requisitos en cada convocatoria.

Estas listaxes poderán ser substituídas por calquera outra que se realice para o efecto.

A selección rexerese polas prescricións contidas nesta convocatoria, e naquilo que non se prevexa, polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP) e pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), agás o relativo aos dereitos de exame que non se esixen na presente convocatoria.

2. MODALIDADE, DURACIÓN DOS CONTRATOS E XORNADA

- LISTAXE 1: Programa de subvención PEL- CONCELLOS Deputación Provincial da Coruña:

O artigo 4.3 deste programa introduce unha nova modalidade de contrato á que se lle denomina contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral e este será o modelo de contrato de traballo que se vai utilizar neste caso (Código 405).

A duración dos contratos será, previsiblemente, de 6 meses, non poderá superar o tempo

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 611.112 exp. 2024/E001/000001

establecido nos decretos de contratación e axustarase ao establecido na convocatoria anual da orde de subvención da Deputación da Coruña que habitualmente estende a súa vixencia ata o 31 de decembro de cada ano, polo que os contratos deberán rematar como máximo nesa data.

- LISTAXE 2: Substitucións de persoal municipal e outras circunstancias segundo o previsto na lexislación laboral vixente no momento da contratación:

Na regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ao disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

Ademais as contratacións realizadas desta listaxe regularanse polo Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais.

- Ambos:

O contrato será pola xornada semanal que sexa necesaria en cada momento. Estes contratos non se rexerán por ningún convenio sectorial; unicamente poderán acollerse ao establecido nas cláusulas da negociación colectiva municipal, de conformidade coa normativa vixente en tanto a contratante é a Administración pública.

3. REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS EN TODAS AS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

- Programa de subvención PEL- CONCELLOS Deputación Provincial da Coruña:

Para esta listaxe **SO PODERÁN PRESENTAR SOLICITUDE** aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- I. Será requisito indispensable estar na situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou na data da convocatoria do programa en cada ano, circunstancia que deberá ser acreditada polas persoas aspirantes mediante a presentación da vida laboral actualizada.
- II. As persoas que se contraten no programa deberán estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 1. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes
 2. Maiores de 45 anos
 3. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego
 4. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de

selección das persoas a contratar

5. Persoas en situación de drogodependencia
 6. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego
 7. Persoas con fogar monoparental
 8. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
 9. Persoas vítimas de violencia de xénero
 10. Persoas sen fogar
- Substitucións de persoal municipal e outras circunstancias segundo o previsto na lexislación laboral vixente no momento da contratación

Nesta lista **PODERÁN PRESENTAR SOLICITUDE** as persoas que **REÚNAN** os requisitos específicos para cada posto.

- Ambos:
 - I. Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP):
 - II. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP
 - III. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas
 - IV. Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
 - V. Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública ou en calquera dos supostos que contempla o artigo 56.1.d do TREBEP. Presentará declaración responsable de que non foi separada, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas nin entidades locais, nin está inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
 - VI. Coñecemento da lingua galega: CELGA 2 ou equivalente
 - VII. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto, para o que terá que presentar a correspondente declaración de non incorrer en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas que deberá realizar
 - VIII. Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas

A Administración poñerá a disposición das persoas aspirantes un modelo de declaración responsable (Anexo II), que se lles facilitará e deberán cubrir e entregar no momento no que presenten o resto da documentación no Rexistro Xeral do Concello.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN, PROCESO

As solicitudes para a participación no proceso selectivo presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **5 días hábiles** desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria **no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal de difusión comarcal sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica municipal** (sede.concelloderianxo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello, así como no seu sitio web (concelloderianxo.gal). De presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello, a persoa interesada deberá adiantala por fax ao núm. 981.866.628, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

De recibirse ditos avisos esperárase un máximo de cinco días hábiles para a recepción efectiva da documentación; pasado este prazo elaborárase a listaxe de persoas admitidas e excluídas.

Xunto á instancia achegárase:

- Programa de subvención PEL- CONCELLOS Deputación Provincial da Coruña:
 1. DNI ou documento identificador en vigor
 2. documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos mínimos,
 3. documentación relativa á situación de exclusión laboral
 4. Tarxeta de demandante de emprego
 5. Informe de vida laboral ACTUALIZADO
 6. documentación xustificativa dos méritos alegados
 7. documentación xustificativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso
 8. Anexo II – declaración responsable (este modelo estará á disposición no Concello)
- Substitucións de persoal municipal e outras circunstancias segundo o previsto na lexislación laboral vixente no momento da contratación
 1. DNI ou documento identificador en vigor
 2. documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos mínimos,
 3. documentación xustificativa dos méritos alegados
 4. documentación xustificativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso
 5. Anexo II – declaración responsable (este modelo estará á disposición no Concello)

Aquelas persoas aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten a adaptación de tempo e medios para a realización das probas, deberán achegar xunto co anterior, a seguinte documentación:

- Solicitud xunto coa instancia, na que se exprese a necesidade de adaptación das probas, e na que se indiquen as adaptacións concretas que precisa
- Achegar fotocopia compulsada do ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico

de cualificación do grao de discapacidade competente, que acredite de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se a persoa aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba que se vai realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia

Despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Esa resolución será definitiva de non haber persoas excluídas, e será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, así como no seu sitio web (concelloderianxo.gal) e na sede electrónica municipal sede.concelloderianxo.gal, e nela relacionarase as persoas aspirantes excluídas coa indicación da causa de exclusión.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de **tres días hábiles** para achegar as emendas das deficiencias sinaladas ao Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, na sede electrónica municipal sede.concelloderianxo.gal ou a través do *Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR)*. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo.

5.1 Oposición (Puntuación máxima: 20 puntos)

A datas, horas e lugares de celebración das probas serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, así como no seu sitio web (concelloderianxo.gal) e na sede electrónica municipal sede.concelloderianxo.gal.

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio de cada proba, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente. Serán excluídas da proba aquelas persoas que non poidan acreditar a súa identidade.

A parte de oposición constará dos exercicios que se indican nas bases específicas (Anexo I). Quedarán excluídas do proceso as persoas aspirantes que non se presenten á realización destas.

5.2 Concurso (Puntuación máxima: 3 puntos)

Esta fase será previa á da oposición e o seu resultado será publicado antes da realización da fase de oposición no taboleiro de anuncios municipal, na sede electrónica municipal sede.concelloderianxo.gal e no sitio web www.concelloderianxo.gal.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, de remate do prazo indicado para a presentación da documentación por parte das persoas aspirantes e presentados xunto coa solicitude ou, en calquera caso, antes do remate do prazo.

Teranse en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo organismo ou centro correspondente, coa expresión do curso realizado e do número de horas*
- *O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia do documento acreditativo vixente*

5.3 Exercicio de lingua galega: cualificación de APTA ou NON APTA

Este exercicio será realizado por aquelas persoas aspirantes que non estean exentas da súa realización, é dicir, que non conten co certificado expedido polo órgano competente.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, mediante fotocopias e dentro do prazo sinalado a posesión do Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Este exercicio consistirá na realización dunha proba escrita, de carácter eliminatorio, na que a persoa aspirante amose a súa competencia na lingua galega.

Co obxecto da axilización do proceso esta proba realizárase no mesmo momento que a proba escrita incluída no primeiro punto das bases específicas en cada caso.

Corresponderalle ao tribunal determinar o tempo necesario para que a realización da dita proba sexa válida e o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apta/o.

A documentación relativa ao coñecemento do galego será presentada no Rexistro Xeral do Concello xunto co resto da documentación requirida para o acceso, tal como se indica no punto 4 destas bases.

A actuación das persoas candidatas levarase a cabo por orde alfabética, segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública, que establece, para o presente ano, comezar por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra "H".

5. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

As persoas integrantes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus integrantes, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, como na demais normativa de aplicación.

Unha vez remate o proceso de selección, o tribunal relacionará as persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e proporalle dúas listaxes ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación, poderá ser substituída pola seguinte da listaxe na que se atope ata a finalización do que resta do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., para o que se utilizará a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate, terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con sub-representación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes
- d) En último lugar, resolverase mediante sorteo público

6. CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES

Os chamamentos efectuaranse mediante chamada telefónica e correo electrónico. Realizaranse un máximo de tres chamadas entre as 8:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas e o envío dun correo electrónico. Se no se tivera resposta en ningunha das tres chamadas nin ao correo electrónico considerárase realizado o chamamento. A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas

solicitudes de participación no proceso, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número/os de teléfono e dirección de correo electrónico).

A aceptación da oferta efectuarase mediante chamada telefónica ao Servizo de Persoal do Concello de Rianxo, antes das 14:00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

O persoal que os realice, fará constar mediante dilixencia a realización e resultado obtido dos chamamentos efectuados e do correo electrónico enviado.

No caso de manifestar a súa disposición, requirirase á persoa aspirante para que tome posesión/asine o contrato no prazo que se sinale e deberá achegar, con carácter previo, a documentación acreditativa dos requisitos e méritos contidos nestas bases.

Os aspirantes que se convoquen dentro do Programa de subvención PEL- CONCELLOS Deputación Provincial da Coruña teñen que acreditar o cumprimento de todos os requisitos en cada convocatoria.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da listaxe ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

Nos supostos en que a necesidade da cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, ou fose necesaria a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo, o chamamento poderá realizarse unicamente de forma telefónica, debendo deixar constancia da causa que a xustifica e da chamada efectuada e quen a efectúa no expediente.

7. SITUACIÓN NAS LISTAXES

As persoas integrantes de cada listaxe resultante que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a ela, pasarán ao último posto da listaxe, salvo indicación expresa de que non desexan continuar nela e coa excepción das situacións recollidas no punto 9 destas bases.

A renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo realizada pola persoa contratada suporá a perda dos seus dereitos na listaxe.

Rematada a contratación, a persoa interesada pasará a ocupar o mesmo posto no que estivera na listaxe.

8. SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS, ACREDITACIÓN E PRAZOS

1. Supostos

Poderá solicitarse a suspensión de chamamentos, sen penalización, nos seguintes supostos:

- a) Maternidade, paternidade e adopción legal nunha duración equivalente ao período legalmente establecido para as devanditas situacións.
- b) Coidado de fillos/as menores de 12 anos ou familiares ao seu cargo, ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmas e non desempeñen actividades retribuídas e demais supostos previstos na lexislación vixente en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e conciliación da vida persoal, familiar e profesional, de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) Enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada cun parte médico emitido por persoal facultativo do Sistema Público de Saúde, no que se determine a incapacidade daquela para o desenvolvemento da actividade laboral e nunha duración máxima equivalente á prevista na normativa legal para a situación de incapacidade temporal.
- d) Matrimonio ou unión de feito en análoga relación de afectividade durante os quince días inmediatamente seguintes e ininterrompidos á celebración do evento, debidamente acreditados mediante documento público.
- e) Desenvolver actividade retribuída mediante contrato laboral ou nomeamento administrativo, polo que deberá presentar a copia destes.

2. Acreditación

A persoa aspirante, cando concorran algunhas das causas de suspensión previstas na cláusula anterior, deberá comunicala e acreditala debidamente ante o órgano competente para efectuar o chamamento, no momento no que se produza a circunstancia alegada; en todo caso, con anterioridade á formalización do oportuno nomeamento.

3. Prazo

A suspensión de chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade, na que alegará a finalización da causa de suspensión, e sexa aceptada a súa reposición na lista.

9. INTERPRETACIÓN DAS BASES

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Aquelas persoas aspirantes que sexan chamadas e dean a súa conformidade á contratación terán que presentar a seguinte documentación, xunto cos orixinais no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de tres días hábiles contados a partir do día en que manifesten a conformidade:

- Programa de subvención PEL- CONCELLOS 2024 Deputación Provincial da Coruña:
 1. documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos mínimos,
 2. documentación relativa á situación de exclusión laboral, de ser o caso
 3. Tarxeta de demandante de emprego
 4. Informe de vida laboral ACTUALIZADO
 5. documentación xustificativa dos méritos alegados
 6. documentación xustificativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso
 7. Anexo II – declaración responsable para a contratación (este modelo estará á disposición no Concello)
- Substitucións de persoal municipal e outras circunstancias segundo o previsto na lexislación laboral vixente no momento da contratación
 1. documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos mínimos,
 2. documentación xustificativa dos méritos alegados
 3. documentación xustificativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso
 4. Anexo II – declaración responsable para a contratación (este modelo estará á disposición no Concello)

A persoa que non presente a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior ou cando se deduza que carece dalgún dos requisitos mínimos establecidos, non poderá ser contratada e será excluída da lista.

No caso de que a documentación non presentada se refira a méritos baremados na fase de concurso, reducirase a puntuación correspondente e, de ser o caso, modificarase a súa situación na listaxe.

11. IMPUGNACIÓN

A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada por estas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

Rianxo, marzo de 2024

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

ANEXO I

Bases específicas da convocatoria de OFICIAL 1ª ALBANEL

REQUISITOS MÍNIMOS

- As persoas aspirantes a esta categoría profesional deberán contar cun mínimo de 2 anos de experiencia profesional ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de Nivel 2 “Fábricas de albanería” ou de “Pavimentos de albanería e urbanización”, ou equivalente
- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos

TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Coñecemento do termo municipal
2. Diferentes tipos de albanería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Características e usos
3. Ferramentas de albanería. Ferramentas manuais, tipos e usos
4. Ladrillos, tipos e medidas. Tellas. Áridos empregados en albanería. Áridos naturais e artificiais. Características que deben reunir. Tipo, tamaños e granulometrías
5. Bordos: materiais e dimensións máis frecuentes. Formas de colocación
6. Pavimentación de beirarrúas. Pavimentos continuos e discontinuos. Lastras. Baldosas e terrazos. Pedra natural
7. Saneamento. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros
8. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos. Nocións básicas sobre normas de seguridade nas obras de construción. Prevención de accidentes. Elementos de seguridade
9. Disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

OPOSICIÓN

EXAME TIPO TEST (20 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 60 minutos. Estas estarán baseadas no contido do programa que se xunta no Anexo I para cada convocatoria. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a cuarta parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata o remate do tempo establecido para a realización desta proba, salvo que o tribunal autorice a súa saída.

CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

Carné de conducir B: 1 punto

Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1,50 puntos

Coñecemento do galego: (só se valorará o de maior puntuación)

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.

Bases específicas da convocatoria de CONDUTOR/A

REQUISITOS MÍNIMOS

- Carné de conducir C + CAP
- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Coñecemento do termo municipal
2. O engraxamento: aceites, a súa finalidade e tipos. Sistemas de engraxamento. Cambio de aceites ventilación. Filtrado. Refrixeración no vehículo: funcións, distintos tipos de refrixeración e o seu coñecemento
3. A transmisión: caixa de cambios. Árbore de transmisión. Diferencial. Palieres
4. Presión de inflado. Desgaste, factores que modifican o rendemento dos pneumáticos
5. Dotación dos vehículos: placas, sinais, distintivos nos vehículos, accesorios e repostos, e ferramentas que deben levar os vehículos a motor
6. Seguridade nos vehículos: elementos de seguridade nos vehículos. A seguridade activa. A seguridade pasiva. A distancia de freado, concepto e elementos do vehículo que nela inflúen. Seguridade na condución: a observación, a anticipación
7. Factores que inflúen nas aptitudes do/a condutor/a: a fatiga, o sono, a tensión, o tabaco, medicamentos, estupefacientes e substancias psicotrópicas
8. Prevención de riscos laborais
9. Disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade

OPOSICIÓN

Exame tipo test (10 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 30 minutos. Estas estarán baseadas no contido do programa que se xunta no Anexo I para cada convocatoria. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará unha cuarta parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata o remate do tempo establecido para a

realización desta proba salvo que o tribunal autorice a súa saída.

Proba Práctica (10 puntos)

Terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Esta proba constará de dúas partes e para superala será preciso conseguir cando menos a metade da puntuación total (5 puntos de 10).

1. Primeira parte (5 puntos): Proba práctica de manexo do camión

Consistirá en circular co camión nun circuíto determinado polo tribunal. Valorarase o manexo e a destreza na condución e aparcamento do vehículo.

2. Segunda parte (5 puntos): Proba práctica do manexo do tractor

Consistirá en circular marcha atrás co remolque nun circuíto con conos de polo menos 50 m. Valorarase o tempo empregado e os conos tocados.

CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

Curso de prevención de riscos laborais (de 30 horas ou mais): 1 punto

Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais (incluída autorización para o transporte de mercadorías perigosas) impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- 1) De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
- 2) De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
- 3) Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1,50 puntos

Coñecemento do galego: (só se valorará o de maior puntuación)

- 1) Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
- 2) *Celga 4 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos*

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento), que as certificacións de aptitude dos Celga.

Bases específicas da convocatoria de peón/peoa albanelería

REQUISITOS MÍNIMOS

- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos

TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Rianxo. Configuración xeográfica. O seu termo municipal: parroquias, lugares, colexios, ... e coñecemento en xeral
2. Localización dos edificios destinados a servizos públicos en xeral e funcións que se levan a cabo neles dentro do municipio
3. Diferentes tipos de albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Características e usos
4. Ferramentas de albanelería. Ferramentas manuais, tipos e usos
5. Ladrillos, tipos e medidas. Tellas. Áridos empregados en albanelería. Áridos naturais e artificiais. Características que deben reunir: tipo, tamaños e granulometrías
6. Pavimentación de beirarrúas. Pavimentos continuos e discontinuos. Lastras. Baldosas e terrazos. Pedra natural. Bordos: materiais e dimensións máis frecuentes. Formas de colocación
7. Saneamento. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros
8. Obrigas do persoal en materia de prevención de riscos. Nocións básicas sobre normas de seguridade nas obras de construción. Prevención de accidentes. Elementos de seguridade
9. Disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade

OPOSICIÓN

A oposición constará de 2 partes:

Exame tipo test (14 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 30 minutos. Estas estarán baseadas no contido do temario indicado. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a cuarta parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata que o tribunal autorice a súa saída de xeito

organizado e controlado.

1. Proba Práctica de limpeza dunha cuneta (6 puntos)

Esta proba consistirá na realización dunha limpeza dunha cuneta poñendo a disposición das persoas aspirantes unha serie de ferramentas diferentes. A puntuación máxima será de 6 puntos e a valoración realizarase en función dos seguintes criterios:

a) definición da ferramenta posta a disposición:

1. definición correcta de todas as ferramentas: 1 punto
2. definición correcta da metade ou mais ferramentas: 0,5 puntos
3. definición correcta de menos da metade ferramentas: 0 puntos

b) selección da ferramenta ou grupo de ferramentas necesarias para a realización da proba:

1. selección correcta e orde de uso correcto: 1 punto
2. selección correcta ou orde de uso correcto: 0,5 puntos
3. selección e orde de uso incorrectos: 0 puntos

c) destreza no manexo das ferramentas e resultado obtido: 4 puntos

CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

Carné de conducir B. Puntuación: 1 puntos

Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1,50 puntos

Coñecemento do galego: (só se valorará o de maior puntuación)

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.

Bases específicas da convocatoria de peón/peoa aglomerado

REQUISITOS MÍNIMOS

- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos

TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Rianxo. Configuración xeográfica. O seu termo municipal: parroquias, lugares, colexios, ... e coñecemento en xeral
2. Localización dos edificios destinados a servizos públicos en xeral e funcións que se levan a cabo neles dentro do municipio
3. Diferentes tipos de albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual. Características e usos
4. Ferramentas de albanelería. Ferramentas manuais, tipos e usos
5. Ladrillos, tipos e medidas. Tellas. Áridos empregados en albanelería. Áridos naturais e artificiais. Características que deben reunir: tipo, tamaños e granulometrías
6. Pavimentación de beirarrúas. Pavimentos continuos e discontinuos. Lastras. Baldosas e terrazos. Pedra natural. Bordos: materiais e dimensións máis frecuentes. Formas de colocación
7. Saneamento. Materiais das tubaxes e diámetros máis frecuentes. Arquetas e pozos de rexistro. Sumidoiros
8. Obrigas do persoal en materia de prevención de riscos. Nocións básicas sobre normas de seguridade nas obras de construción. Prevención de accidentes. Elementos de seguridade
9. Disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade

OPOSICIÓN

A oposición constará de 2 partes:

Exame tipo test (14 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 30 minutos. Estas estarán baseadas no contido do temario indicado. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a cuarta parte da puntuación de cada pregunta acertada.

As persoas aspirantes deberán permanecer na sala ata que o tribunal autorice a súa saída de xeito

organizado e controlado.

1. Proba Práctica de bacheado (6 puntos)

Esta proba consistirá na realización dunha limpeza dunha cuneta poñendo a disposición das persoas aspirantes unha serie de ferramentas diferentes. A puntuación máxima será de 6 puntos e a valoración realizarase en función dos seguintes criterios:

a) definición da ferramenta posta a disposición:

1. definición correcta de todas as ferramentas: 1 punto
2. definición correcta da metade ou mais ferramentas: 0,5 puntos
3. definición correcta de menos da metade ferramentas: 0 puntos

b) selección da ferramenta ou grupo de ferramentas necesarias para a realización da proba:

1. selección correcta e orde de uso correcto: 1 punto
2. selección correcta ou orde de uso correcto: 0,5 puntos
3. selección e orde de uso incorrectos: 0 puntos

c) destreza no manexo das ferramentas e resultado obtido: 4 puntos

CONCURSO-VALORACIÓN DE MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

Carné de conducir B. Puntuación: 1 puntos

Cursos de formación relacionados co posto de traballo e/ou prevención de riscos laborais impartidos por calquera entidade, programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos
3. Máis de 150 horas: 1 punto

Puntuación máxima: 1,50 puntos

Coñecemento do galego: (só se valorará o de maior puntuación)

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.